



Situación: Lagoas-Marcosende s/n
36310 VIGO (Pontevedra)
Teléfono: 986 818 637
Fax: 902 879 937
www.gradiant.org
gradiant@gradiant.org



O Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (GRADIANT: Galician Research and Development Center in Advanced Telecommunications) foi constituído en Decembro de 2007 por once empresas do eido TIC de Galicia (Arantia, Arteixo Telecom, Egatel, Gsertel, Indra, Ineo, R, Telefónica, Televés, Tredess y Tele2 Comunitel), a Consellería de Industria da Xunta de Galicia, e as tres universidades galegas (A Coruña, Santiago e Vigo). O 51% do capital fundacional de GRADIANT é privado, adoptando a fórmula xurídica de "fundación privada sen ánimo de lucro".

GRADIANT parte da experiencia de grupos punteiros en investigación e transferencia da Escola de Enxeñeiros de Vigo, tanto dos Departamentos de Teoría do Sinal e Comunicacións, de Enxeñaría Telemática. Proba de dita experiencia constitúe o feito de que os dous grupos de investigación que promoveron a creación de GRADIANT recibiron o selo de consolidados por parte da Xunta de Galicia, sendo os únicos na comunidade galega ós que, no eido das Telecomunicacións, lles foi outorgada esta distinción.

Recursos humanos

Actualmente forman o persoal deste centro tecnolóxico 7 traballadores máis o Director Xeral e os directores de área que pertencen ao persoal docente e investigador da Universidade de Vigo pero teñen reducida a súa carga docente para poder adicarse a posta en marcha do centro.

Organización / Áreas de traballo

O organigrama do centro GRADIANT está liderado polo Padroado formado por 25 empresas e baixo él as dúas áreas que, xunto coa xerencia, compoñen actualmente o Centro.

A área de comunicacións de GRADIANT ten a súa orixe no Grupo de Procesado de Sinal de Comunicacións (GPSC, <http://www.gts.tsc.uvigo.es/gpsc/>) da Universidade de Vigo, o cal se constituíu en 1995. O persoal que compón esta área de GRADIANT ten ampla experiencia na aplicación das técnicas de procesado de sinal ás comunicacións, facendo ademais uso de procesado en capas superiores, tales como rede e transporte. O equipo que compón esta área de GRADIANT ten dúas patentes europeas, e unha patente triásica (Europa, EE.UU. e Xapón) solicitada no campo do watermarking. Ademais, ten publicado máis de 50 artigos en revistas do maior prestixio internacional (IEEE Trans. on Signal Processing, IEEE Trans. On Communications, IEEE Trans. On Image Processing, IEEE Trans. On Information Forensics and Security, IEEE Proceedings, etc.).

As áreas de redes e aplicacións de GRADIANT teñen a súa orixe no Grupo de Tecnoloxías da Información da Universidade de Vigo (GTI, <http://www-gti.det.uvigo.es>), que se esta constituíu oficialmente en 1999. O equipo que compón esta área de GRADIANT ten participado na xeración de, ata a data, catro patentes nacionais, unha patente EE.UU., unha extensión de pa-

tente europea vía PCT, decenas de publicacións en revistas internacionais (incluíndo IEEE Transactions on Communications, IEEE Communications Letters, IEEE Transactions on Vehicular Technology e IEEE Transactions on Image Processing) e numerosas comunicacións en congresos internacionais, moitas delas por invitación.

Instalacións / Equipamento

Actualmente, GRADIANT, localízase de xeito provisional en instalacións cedidas pola Escola de Enxeñeiros de Telecomunicación de Vigo, mentres non conclúe a primeira fase da Cidade Tecnolóxica de Vigo (Citexvi), que entrará en funcionamento, tamén no campus vigués, previsiblemente no terceiro trimestre de 2009. Durante o 2008 ven de adquirir distinto tipo de equipamento de laboratorio para desenvolver as súas tarefas.

Servizos

O centro ofrece servizos de I+D no campo da Tecnoloxía da Información e Comunicacións, contando cun mapa de coñecemento moi amplo que inclúe redes de sensores, watermarking, video IP, radio cognitiva, compressed sensing, WIMAX, LTE, biometría, ... Actualmente participa en varios proxectos de investigación con financiación autonómica ou estatal, e varios contratos asinados con empresas.

Proxectos destacados

- "LOBIN (Sistema integral de seguridad basado en productos de última generación y tecnologías emergentes)". Cofinanciado polo Ministerio de Turismo, Industria y Comercio.
- "CINNEO (Plataforma digital de distribución de contenidos audiovisuales bajo estándares DCI)". Cofinanciado polo Ministerio de Turismo, Industria y Comercio.
- "INTEGRA (Investigación en Tecnologías para la Gestión de la Migración)". Proxecto CENIT. Cofinanciado polo CDTI.
- "REEFS (Redes de Sensores para Monitorizado Espectral sobre FPGAs)". Cofinanciado pola Consellería de Innovación e Industria.
- "MIND-GAP-5: Multimedia para a Industria Galega nos próximos 5 anos". Cofinanciado pola Consellería de Innovación e Industria.
- "TERRAE". Cofinanciado polo Ministerio de Turismo, Industria y Comercio.
- "ALEN". Proxecto do Fondo Tecnolóxico.
- "Enxeño" - Acercar a rapaces de entre 12 e 14 anos ao mundo da robótica.
- "Concurso In-Gradient interfaces persoa-máquina". Cofinanciado pola Consellería de Innovación e Industria.

Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

Nos proxectos do plan Avanza, GRADIANT participa como socio colaborador con entidades como Telefónica Servicios Audiovisuales, SDAE, Filmax, Abertis, Telvent, Biometrics. GRADIANT ten asinado un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo, e outro mais concreto para permitir a alumnos de últimos cursos desenvolver prácticas pre-profesionais no centro.

Acreditacións e certificacións

En marcha a obtención da certificación ISO 9001:2000.